

VERÓNICA DEL RÍO CANEDO
XOEL RODRÍGUEZ MARTÍNEZ

**CERÁMICA VERMELLA DE AVEIRO
NA CASA DO DEÁN (SANTIAGO DE COMPOSTELA)
UNHA APROXIMACIÓN TIPOLÓXICA**

BOLETÍN AVRIENSE

Núm. 45 (enero-diciembre 2015), págs. 119-155

I.S.S.N.: 0210-8445

D.L. VG-112-1972

**CERÁMICA VERMELLA DE AVEIRO NA CASA
DO DEÁN (SANTIAGO DE COMPOSTELA)
UNHA APROXIMACIÓN TIPOLOXICA**

**VERÓNICA DEL RÍO CANEDO
XOEL RODRÍGUEZ MARTÍNEZ**

CERÁMICA VERMELLA DE AVEIRO NA CASA DO DEÁN (SANTIAGO DE COMPOSTELA) UNHA APROXIMACIÓN TIPOLÓXICA

RESUMO

Présentase análise morfotipolóxica e contextual dos restos cerámicos que responden á denominación "vermella de Aveiro", atopados entre o repertorio cerámico da Casa do Deán (Santiago de Compostela). Trátase dunha produción portuguesa datada entre os séculos XV- XVIII, da que se ten pouca constancia no rexistro arqueolóxico galego..

Palabras chave: Cerámica de Aveiro, Casa do Deán, comercio, cerámica común, Época Moderna.

ABSTRACT

There is presented a morphological, typological and contextual analysis of red pottery from Aveiro founded among the ceramic repertoire of the Casa do Deán (Santiago de Compostela, Galicia, Spain). This Portuguese pottery was dated between the centuries XV to the XVIII and it is hard to find in the Galician archaeological record.

Keywords: Pottery from Aveiro, Casa do Deán, commerce, common pottery, Early Modern Period.

AGRADECEMENTOS:

Agradecemos ós investigadores José Carlos Sánchez Pardo e Adolfo Fernández Fernández as súas primeiras indicacións no recoñecemento desta tipoloxía. Así mesmo, a Bieito Pérez Outeiriño pola súa guía na elaboración deste pequeno artigo.

Recibido/Received: 13/03/2014

Aceptado/Accepted: 30/06/2014

1. INTRODUCCIÓN

O presente artigo estrutúrase en diferentes bloques de contidos. En primeiro lugar, faise referencia ó estado das investigacións da cerámica vermella de Aveiro en Galicia, sendo estas moi reducidas. A continuación preséntase un breve contexto histórico da cidade compostelá e da Casa do Deán en época moderna. Seguidamente analízase sucintamente o comercio cos centros oleiros portugueses.

A análise morfotipolóxica realízase seguindo o procedemento de análise propio da ceramología, en función dos parámetros formais e construtivos das pezas a estudar. Considérase fundamental a análise deste repertorio cerámico no seu contexto estratigráfico, xa que soamente deste xeito poderase entender a relación co resto do repertorio cerámico que o acompaña e a posible función que desempeñaba no enxoval doméstico. Tras isto preséntanse unha serie de conclusións preliminares expostas a revisión.

2. ESTADO DAS INVESTIGACIÓNS

O estado das investigacións da cerámica vermella de Aveiro en Galicia, a día de hoxe, é moi residual¹, atopando pequenas referencias á súa exportación en García Alén (1983: 40) e Caramés Moreira (2006: 209). De este modo, á hora de aproximarse o seu estudo débese recorrer directamente ás fontes lusas.

A análise tipolóxica e formal está realizada por Alvar et al. (1998). Parten dun excepcional rexistro arqueolóxico: os pecios atopados na ría de Aveiro (*Aveiro A* e *Aveiro B*) nos que se atoparon preto de 4.000 pezas cerámicas de produción rexional in situ, cunha alta porcentaxe de pezas enteiras, permitindo a súa seriación segundo forma e tamaño. É principalmente este estudo o que se seguirá á hora de estudar, tipolóxica e formalmente, a cerámica vermella da Casa do Deán.

¹ Indirectamente documéntase nalgunhas publicacións referencias a fragmentos cerámicos que comparten moitas das características da vermella de Aveiro, aparecendo ca denominación "*cerámica común de pastas rojas*" (Cesar Villa, Bonilla Rodríguez, 2003).

Para entender a cerámica de Aveiro no seu contexto estratigráfico é fundamental o rigoroso estudo realizado por Barreira, Dordio e Teixeira (1998) da intervención arqueolóxica da Casa do Infante (Porto), dando a coñecer o repertorio cerámico na estratigrafía da cidade portuguesa entre os séculos XVI e XVIII. A cerámica vermella aparece ben contextualizada e neste caso responde a denominación VEROV. É clasificada seguindo o seu repertorio formal: cántaros, lebrillos, olas, cuncos, braseiros e os recipientes de uso persoal ou “*basin*”. Os datos proporcionados por este estudo achegan interesantes conclusións sobre o final da cerámica vermella, xa que constatan a súa substitución progresiva pola cerámica vidrada (Barreira, Dordio e Teixeira, 1998: 178). Destacar como dato anecdótico que no contexto estratigráfico luso as producións de Aveiro aparecen asociadas a cerámicas vermellas con bandas pintadas, normalmente en branco (Barreira, Dordio e Teixeira, 1998: 170). Detalle digno de mención, xa que o estudo desta tipoloxía cerámica en Galicia suscita aínda moitas incógnitas².

Para o estudo do comercio e das redes comerciais que seguen as cerámicas de Aveiro, a referencia son os traballos de Inês Amorin (1996, 1997-1998). Esta vez son as fontes textuais as que recollen testemuña do comercio desta manufactura e a súa produción, achegando documentación na que se fai referencia ós centros oleiros, á súa capacidade produtiva e ós artesáns que neles traballaban.

3. INTERVENCIÓNS ARQUEOLÓXICAS NA CASA DO DEÁN

O espazo urbano da Casa do Deán é obxecto de escavación en dúas ocasións (2004 e 2008), ambas motivadas por traballos de acondicionamento do edificio para adecuarse ás necesidades actuais como oficina de recepción do peregrino. É un espazo situado en pleno corazón do casco histórico compostelán, sito na rúa do Vilar nº 1 e nº 3, a poucos metros da sede catedralicia, polo que os resultados das súas intervencións son fundamentais para coñecer a evolución histórica, urbanística e comercial da cidade, dende época medieval ata os nosos días. Dada a especificidade deste pequeno traballo, procédese a resumir os aspectos fundamentais das escavacións, remitindo ós informes dos arqueólogos³ no referente á análise estratigráfica, que presenta unha alta complexidade, alterada por capas de recheo

² Esta é unha tipoloxía cerámica da que en Galicia se atopan poucos datos para o seu estudo e que suscita algunhas cuestións abertas a cerca da súa cronoloxía e procedencia. Existen referencias a estas producións en varias publicacións indicando a súa probable orixe foránea (Suárez Otero, Gimeno García-Lomas, Fariña Busto, 1989: 289; Suárez Otero, 1993; Fariña Busto, 2004).

³ Suárez Otero, 2004; Suárez Otero, Castro Lorenzo, 2005; Pérez Mato, 2012.

e remocións modernas (Castro Lorenzo, 2009: 140). Estes niveis ofrecen pouca información no referente a unidades construtivas e estruturas pero pola contra achegan unha inxente cantidade de material arqueolóxico con máis de 8.000 pezas inventariadas.

ESCAVACIÓNS DE 2004:

Os traballos arqueolóxicos dirixidos por Suárez Otero, desenrolados en 2004, parten de varias sondaxes e catas previas que afectan a diversos espazos do patio da Casa do Deán (acceso, construcións anexas, corredor de unión ca rúa Xelmirez e o patio propiamente dito). Estes traballos evidencian a necesidade dunha escavación en área no recinto, afectando fundamentalmente á parte traseira do patio exterior.

ESCAVACIÓNS DE 2008:

Control arqueolóxico, dirixido por Pérez Mato, con motivo das obras de rehabilitación e reforma da Casa do Deán con motivo de mellora e ampliación da Oficina do Peregrino. As actuacións concéntranse no denominado Patio da Parra e nas estancias asociadas establecendo cinco unidades de traballo: estancia A / Almacén; estancia B / Acceso a despachos de Compostelas; Patio da Parra; Callexo e cabalerizas.




Fig. 1: Plano situación do edificio “Casa do Deán” e o seu contorno. Planimetría facilitada polo Concello de Santiago. © D.G. del Catastro.

Ambas intervencións diferenzan a nivel ergolóxico tres horizontes:

- Horizonte 1: séculos XVI / XVII - mediados do XVIII:

Nivel de cronoloxía moderna no que se distinguen dous momentos a nivel material: un nivel de recheo do século XVIII relacionado cunha acción construtiva neste espazo, no que aparecen materiais do século XVI e inicios do XVII (porcelana Ming, louzas de Talavera, gres Alemán de Raeren e Westerwald, xunto con cerámica vidrada e común); un segundo momento, tamén capa de recheo, no que aparecen materiais de finais da Idade Media até o século XVI (louza dourada, louzas sevillanas, vidrados melados, maiólica italiana e abundantes restos de cerámica común de tradición medieval). A nivel estrutural destaca a aparición dun pozo de perpiaños e mampostería en uso ata mediados do século XX e a aparición dun pavimento formado por laxes de xisto, relacionándoo cunha primeira pavimentación do patio (Castro Lorenzo, 2009: 140 -1 41; Pérez Mato, 2010: 43 - 44).

- Horizonte 2: séculos XIII / XIV - XV:

Aparecen estruturas relacionadas cun pozo de forma circular, realizado en cachotaría e xisto. En relación con este documéntase unha canalización de pequenas pedras de xisto, que se interpreta como posible desaugue do pozo (Castro Lorenzo, 2009: 141; Pérez Mato, 2010: 45). Son estratos de recheo onde se documenta gran cantidade de material construtivo acompañado dun importante rexistro cerámico composto de maneira predominante de cerámica común de tradición baixomedieval, louzas levantinas e producións andaluzas (Castro Lorenzo, 2009: 141; Pérez Mato, 2010: 45).

- Horizonte 3: século XIII:

Documéntase un rebaixe do terreo antrópico, colmatado no século XIII, polo que o seu uso e construción é anterior a este momento. Destaca a escaseza de cerámica común gris medieval, achegando unha cronoloxía en torno ao século XI-XIII (Castro Lorenzo, 2009: 141; Pérez Mato, 2010: 46).

4. A CASA DO DEÁN E SANTIAGO, CONTEXTO HISTÓRICO

O estudo da cerámica vermella de Aveiro debemos encadralo nun contexto histórico amplo que abrangue varios séculos. Non obstante, consideramos importante coñecer o devir histórico e comercial da cidade de Santiago de Compostela neste período para poder comprender o contexto no que foron achados estes materiais.

4.1. CONTEXTO HISTÓRICO

En Época Moderna, o bispado compostelán era o máis rico da Península Ibérica tras o de Toledo e o de Sevilla (Saavedra Fernández, 2003: 277), grazas sobre todo ao Voto de Santiago pero tamén ás relacións comerciais que favoreceron o engrandecemento do cabido, das comunidades monásticas, das parroquias, das confrarías e dun importante sector da poboación que vivía grazas a el. Estudando o catastro de Ensenada pódese coñecer que actividades comerciais tiñan lugar na cidade. Non obstante, débese centrar a atención nos cambistas de letras e nos mercadores de panos e vidros de Talavera se se quere atopar a verdadeira burguesía comercial compostelá, xa que eran estas as actividades que realmente xeraban ganancias. O número de mercadores de vidro de Talavera para 1750 era de 24 (Saavedra Fernández, 2003: 269), o que indica a gran aceptación que tiña este tipo de louza de luxo na sociedade compostelá da época.

Non obstante, este ascenso de Santiago de Compostela durante a Idade Moderna non se queda só na riqueza do estamento eclesiástico e na actividade económica. En Compostela hai un ascenso continuado da poboación ata convertela a mediados do XVIII no principal núcleo de poboación do norte e noroeste peninsular (Saavedra Fernández, 2003: 232).

Esta expansión tamén se verá reflectida no ámbito construtivo. Xa a comezos da Idade Moderna apréciase este salto na cidade. No XVI comeza a edificarse o Hospital Real e establécese o Colexio de Fonseca (Saavedra Fernández, 2003: 220). Sen embargo, será desde a segunda metade do XVIII cando se asista a unha profunda renovación do urbanismo compostelán coincidindo co esplendor do Barroco: o pazo de Raxoi, a nova sede da Universidade, e edificios relixiosos como a igrexa de San Bieito do Campo, a capela das Ánimas ou a propia fachada da catedral, son só unha mostra. É neste período cando o arquitecto do Concello, Lucas Ferro Caaveiro, leva a cabo as súas decisivas intervencións, como o empedrado de rúas, a instalación de canais e desaugadoiros ou o derrubamento de casas e soportais que estean ruinosos (Saavedra Fernández, 2003: 229).

A propia Casa do Deán, de onde proveñen as pezas que son obxecto de estudo neste artigo, é outro dos exemplos desta expansión urbana da cidade de Santiago en Época Moderna e da riqueza que chegou a acumular a mitra compostelá neste período. Hai que sinalar que no espazo onde se sitúa este edificio na rúa do Vilar, houbo previamente outras edificacións. Tratábase dun espazo no que había varias casas que foron mercadas polo cabido e botadas abaixo para construír o devandito edificio. Isto é importante telo presente xa que nas dúas escavacións levadas a cabo no lugar, atopáronse obxectos en estratos anteriores ao do século XVIII, concretamente a partir do século XII (Castro Lorenzo, 2009: 141; Pérez Mato, 2012: 46).

A primeira noticia do interese do cabido en edificar o que hoxe coñecemos como Casa do Deán témola en decembro de 1706, cando o foreiro Domingo de Arellano cédelle ao cabido (propietario), dúas casas situadas na Rúa do Vilar (Taín⁴ recollido en Pérez Mato, 2012: 20). Non obstante, por falta de financiamento e outras razóns, non é ata marzo de 1746 cando se retoma o proxecto (Taín recollido en Pérez Mato, 2012: 22). O actual edificio remátase realmente entre o 1753 e o 1754, coincidindo ca finalización duns acabados interiores e ca construción da parede que separa a casa do Xardín do Conde de San Xoán (Castro Lorenzo, 2009: 137). Polo tanto, o edificio levántase no século onde se rexistra unha maior actividade construtiva en Época Moderna en Santiago.

Hai bastante documentación sobre o desenvolvemento das obras. A pesares de que como se indicou arriba estas remataron no 1754, realizáronse outras intervencións nel nos anos posteriores. Así, entre 1919 e 1923 leváronse a cabo varias divisións dentro do inmovible, entre elas o estacalecemento da instalación eléctrica e os baños do edificio (Taín recollido en Pérez Mato, 2012: 33). Será entre os anos 40 e 50, sendo Chamoso Lamas máximo responsable da Dirección General de Bellas Artes e da Comisaría de la Primera Zona del Patrimonio Artístico Nacional, cando se restaure o inmovible e se divida en diferentes vivendas, dúas por andar (Taín recollido en Pérez Mato, 2012: 34).

4.2. COMERCIO

A presenza de cerámica de Aveiro en Galicia non debe sorprenden. Grazas á súa situación xeográfica está conectada cas rutas e redes comerciais desde a antigüidade, circunstancia que se potenciará a comezos da Idade Media ca descuberta do sepulcro do apóstolo, actuando como intermediaria entre o Mediterráneo e o norte de Europa durante a Idade Media (Sánchez Pardo, 2013: 141) pero tamén na Idade Moderna (Saavedra Fernández, 2003: 263). Desta maneira, aquí chegan tanto materiais de uso común pero tamén de luxo, como é a cerámica importada da Península Ibérica e doutras zonas europeas. Destas últimas tamén se atoparon bastantes mostras nas sucesivas escavacións levadas a cabo na cidade de Santiago, coma a do claustro da catedral (Castro Lorenzo, 2009), e noutras zonas de Galicia como Baiona (Caramés Moreira, 2006).

⁴ Estudo realizado polo profesor Miguel Taín, inscrito no Rexistro Provincial da Propiedade Intelectual de A Coruña: *Proxecto básico e de execución para a adecuación do Patio da Parra e das dependencias anexas para ampliar e mellorar a oficina de atención ao peregrino e os servizos que se lle prestan na Casa do Deán.*

As rutas comerciais da cerámica de Aveiro seguen os cursos naturais ofrecidos polo entorno. Deste xeito, o primeiro medio de exportación é a propia ría de Aveiro a través do pequeno comercio interior, saíndo en pequenas embarcacións á cidade de Porto, cidade que se converte no gran centro redistribuidor exportando cerámica de Aveiro a diferentes enclaves portugueses, a *Galiza, Biscaia e Asturias* e eventualmente a Brasil (Amorim, 1998: 76).

Unha das vantaxes que ofrece o estudo de cerámica moderna é a eventual combinación de fontes arqueolóxicas e textuais. Á hora de traballar sobre as oleirías de Aveiro, as investigacións de Amorim (1996, 1997 - 1998) sobre a documentación da época son un referente ineludible. Este autora proporciona interesantes dadas textuais do comercio entre o centro luso e Galicia para comezos do século XVIII, recollendo inventario das pezas exportadas cara as nosas fronteiras (Amorim, 1998: 77). Presuponse que é a combinación deste comercio marítimo, complementado co terrestre protagonizado polos arrieiros (Caramés Moreira, 2005: 207), mediante o cal chegan á cidade compostelá estes exemplares oleiros lusos. García Alén describe como os comerciantes portugueses de Barcelos, Vila Real e Chaves, chegaban cos seus carros ata a fronteira, producíndose a partir de aquí a distribución en cabalerías ás cidades do sur de Galicia, principalmente ós mercados de Ourense e Pontevedra (1983: 40). Este mesmo autor afirma que a fronteira galego-portuguesa non representa ningún obstáculo para o paso dos *porteadores* en calquera que fose o sentido de paso (García Alén, 1997-1998: 87).

5. A CERÁMICA VERMELLA DE AVEIRO

Esta tipoloxía cerámica caracterízase fundamentalmente, como o seu propio nome indica, por presentar unha tonalidade vermella - alaranxada, tanto na superficie como na pasta. É un tipo de cerámica común, destinada ó uso doméstico e almacenaxe, cun repertorio formal moi estandarizado. A pasta caracterízase por ser compacta, de cocción oxidante, variando entre o alaranxado e o vermello. Pódense atopar defectos de cocción con pasta mixta (gris - vermella). A simple vista macroscópica, obsérvanse pequenos desgrasantes de seixo e mica, relativamente ben depurados (Fig.2).

No relativo ó tratamento superficial soe aparecer cuberta por unha fina capa de engobado vermello ou alaranxado, aparecendo en contados casos casos unha cuberta gris. As superficies interiores soen presentar marcas de torno e alisado.

O estilo decorativo desta produción está moi estandarizado. É moi representativa a decoración mediante bruñido e espatulado, formando bandas verticais ou reticulados que normalmente ocupan o corpo de xerras e olas. Outros motivos menos frecuentes son as impresións e as aplicacións plásticas.

O arco cronolóxico no que nos movemos á hora de estudar esta tipoloxía cerámica abrangue os séculos XV e o terceiro cuarto do século XVIII. Se ben non se pode establecer con exactitude o inicio da súa produción, sóese admitir o século XV como data de entrada no mercado oleiro. Testemuña deste comercio inicial é o xa citado achado na ría de Aveiro de dous navíos afundidos que contaban con estas producións entre o seu cargamento. O pecio denominado “Aveiro A” é o que proporciona a maior parte dos datos, xa que conta cunha potencia estratigráfica contundente, na que se rescataron, entre a popa e a quilla, unha gran cantidade de pezas enteiras (Alves et al., 1998:186). As diferentes probas radio carbónicas efectuadas apuntan en torno a 1440 como data do naufraxio. Os seus investigadores establecen un arco cronolóxico entre mediados e o último cuarto do século XV, como moi tarde, para o afundimento deste navío (Alves et al., 1998 :186).



Fig. 2: Detalle macroscópico de pasta dunha produción de Aveiro. CD.04.2701. Escavación 2004. Depósito: Museo das Peregrinacións e de Santiago (D-800).

O momento final da produción oleira de Aveiro dátase no último terzo do século XVIII, quedando restrinxido a un consumo local (Amorim, 1998: 78). As razóns para o declive son hipotéticas, apuntando a razóns políticas⁵ e a competitividade doutras producións no mercado, a aparición doutros materiais como o latón⁶, o vidro, ou outros barros.

5.1. A CERÁMICA VERMELLA DE AVEIRO NA CASA DO DEÁN (SANTIAGO DE COMPOSTELA)

Preséntase a análise morfotipolóxica dos recipientes cerámicos que responden ás características das producións “vermellas de Aveiro”. Os fragmentos analizados foron recuperados nas sucesivas campañas de escavación que se desenvolven no xacemento compostelán nos anos 2004 e 2008.

A característica fundamental deste repertorio cerámico é o seu alto grao de fragmentación, non contando con ningún perfil completo. Son os bordos os que nos ofrecen a información necesaria para a súa clasificación tipolóxica. Atópanse cerca de 200 fragmentos, distribuídos en diversos sectores estratigráficos, xeralmente focalizados no horizonte 1 (séculos XVI / XVII-mediados do XVIII).

Para a súa clasificación e estudo séguese a tipoloxía establecida por Alvar et al. ó considerarse que é a que máis se axusta ós achados do xacemento compostelán. Deste xeito, divídise o repertorio cerámico entre formas abertas e pechadas e dentro destas formalmente por tamaños. Nas ocasións nas que as descrições ofertadas no artigo de referencia non sexan suficientes, remitirémonos ás formas catalogadas no estudo de Barreira, Dordio e Teixeira (1998).

I.- Formas abertas:

Forma 1. Cuncas: soen ser recipientes semiesféricos, con bordo lixeiramente exvasado, presentando acanaladura ou moldura baixo este que marca o inicio do corpo. Segundo o nivel de carena diferéncianse tres variantes (variante A: con parede curva e aberta; variante B: forma de transición con parede lixeiramente carenada; variante C: co corpo marcadamente carenado). Para a súa clasificación formal tense en conta tamén o diámetro destas, de menor a maior (Alves et al., 1998: 189). Os exemplares lusos soen presentar leve repé na base, descoñecendo

⁵ Extinción da Casa de Aveiro e centralismo político iniciado polos *Bragança* (Amorim, 1996: 408).

⁶ Ata ben entrado o século XX os recipientes de barro seguirán formando parte da vaixela común de cociña nas casas campesiñas ou urbanas, substituindo en moitos casos os utensilios metálicos, máis custosos e destinados as clases mais podentes. A vaixela de barro podía ser complementada cá de madeira ata épocas recentes (García Alén, L., 1983: 20).

este dato na Casa do Deán, xa que todos os exemplares dos que contamos son bordos.

- **CD.04.6086:** probable forma 1, variante B ou C. Fragmento de bordo e corpo carenado de cunca. Bordo lixeiramente exvasado oblicuamente, con beizo apuntado. Baixo o bordo presenta leve moldura que marca o arranque do corpo, con carena lixeiramente marcada. A superficie exterior presenta engobado vermello, a interior marcas de torno e alisado. Pasta alaranxada, de cocción oxidante, con pequenos desgrasantes de mica e seixo (5,9 x 10,8 x 0,5 x ø 22 cm). Escavación 2004: Sector Inferior 2. Nivel A inferior. Depósito: Museo das Peregrinacións e de Santiago (D-800). *Fig.: 3, nº 1.*
- **CD.04.2730:** probable forma 1, variante B ou C. Fragmento de bordo e corpo carenado de cunca. Presenta bordo exvasado con beizo apuntado. A superficie exterior presenta unha pequena moldura baixo o bordo marcando o inicio do corpo. Ambas superficies son alaranxadas e presentan abundante mica en superficie. A superficie interior ten marcas de torno e alisado. Pasta de cor alaranxada, de cocción oxidante, con desgrasantes de tamaño medio (4,5 x 11,6 x 0,5 x ø 19). Escavación 2004: Sector Superior 2. Nivel A. Depósito: Museo das Peregrinacións e de Santiago (D-800). *Fig.: 3, nº 2.*
- **CD.04.4390:** probable forma 1, variante A. Fragmentos de bordo con arranque de corpo de cunca. Bordo lixeiramente exvasado con beizo redondeado, con acanaladura baixo este. Ambas superficies presentan engobado vermello. A superficie externa presenta marcas de alisado e dúas pequenas incisións lineais que se cruzan. A interna presenta marcas de torno. A pasta é de cor vermella, de cocción oxidante, con desgrasantes de mica e seixo de pequeno tamaño (4,9 x 9,1 x 0,6 x ø 20 cm). Escavación 2004: Sector Superior 1. Nivel B. Depósito: Museo das Peregrinacións e de Santiago (D-800). *Fig.: 3, nº 3.*
- **CD.04.1216:** probable forma 1, variante A. Fragmento de bordo con arranque de corpo de cunca. Bordo que continúa a forma oblicua marcada polo corpo, beizo recto. A superficie exterior presenta lixeiro tratamento superficial cincento sobre fondo vermello. A interna presenta engobado vermello e lixeiros restos de feluxe. A pasta é de cor vermella, de cocción oxidante, con desgrasantes de mica e seixo de pequeno tamaño (3,3 x 6,4 x 0,5 x ø 18 cm). Escavación 2004: Sector Central 1. Nivel A superior. Depósito: Museo das Peregrinacións e de Santiago (D-800). *Fig.: 3, nº 4.*

- **CD.04.4098:** probable forma 1, variante B ou C. Fragmento de bordo e arranque de corpo de cunca. Bordo que continúa a forma oblicua marcada polo corpo con beizo amendoado. A superficie exterior presenta lixeiro tratamento superficial cincento sobre fondo vermello no bordo, onde presenta tamén pequena incisión lineal. A interna presenta engobado vermello con marcas de torno e alisado. A pasta é de cor vermella, de cocción oxidante, con desgrasantes de mica e seixo de pequeno tamaño (4,5 x 16 x 0,5 x ø 18 cm). Escavación 2004: Sector Central 1. Nivel A superior. Depósito: Museo das Peregrinacións e de Santiago (D-800). *Fig.: 3, nº 5.*

FORMAS ABERTAS CUNCAS




Fig. 3: Cerámica vermella de Aveiro. Forma 1: cuncas.

Forma 4. Testo: recipiente de bordo recto e redondeado, con pequenas molduras baixo este marcando o inicio dun leve ombro cun abombamento alto. Os exemplares lusos adoitan presentar dobre asa que arranca do ombro; asa de posición horizontal, con xiro na orixe. A base acostuma ter fondo exterior convexo nas formas presentadas en Alvar et al. (1998: 191).

- **CD.04.4081:** fragmento de bordo, ombro, asa e arranque de corpo de testo. O bordo é recto, con beizo redondeado. Ombro abombado no que arranca a asa, de sección ovalada, que parece indicar xiro no bordo da fractura. Ambas superficies son de cor laranxa e están alisadas. A superficie interior ten marcas de torno. A pasta é de cor laranxa, de cocción oxidante e con desgrasantes de tamaño medio. (4 x 8 x x 0,5 x ø 20 cm). Escavación 2004: Sector Superior 1. Nivel A. Depósito: Museo das Peregrinacións e de Santiago (D-800). *Fig.: 4, nº 6.*




Fig. 4.: Cerámica vermella de Aveiro. Forma 4: testo.

Forma 5. Lebrillo: recipiente de forma tronco cónica, con bordo de labio pendente. O interior dos lebrillos soe presentar sistematicamente bruñidos e espatulados formando liñas concéntricas ou espirais (Barreira, P., Dordio, P., Teixeira, R., 1998: 170). As formas dos bordos adoitan presentar tres variantes dependendo do bordo: 1. bordo en amêndoa, como resultado da flexión da parte externa; 2. ala horizontal; 3. ala oblicua (Barreira, P., Dordio, P., Teixeira, R., 1998:170). Contamos con diversos exemplares, destacando a variación de diámetro entre eles.

- **CD.04.1215:** fragmento de bordo e arranque de corpo. Bordo con labio repregado ou pendente. A superficie exterior presenta lixeira capa de engobado alaranxado. A superficie interior presenta tratamento superficial con engobado, e leve bruñido formando liñas horizontais nunha tonalidade mais escura. Pasta alaranxada, de cocción oxidante, con desgrasantes de mica e seixo de pequeno tamaño. (6,2 x 7 x 0,9 x ø 30 cm). Escavación 2004: Sector Central 1. Nivel A Superior. Depósito: Museo das Peregrinacións e de Santiago (D-800). *Fig.: 5, nº 7.*
- **CD.04.3662:** fragmento de bordo e arranque de corpo. Bordo con labio repregado ou pendente. Ambas superficies presentan tratamento superficial con engobado, e leve bruñido formando liñas horizontais nunha tonalidade mais escura: gris. Pasta alaranxada, de cocción oxidante, con desgrasantes de mica e seixo de pequeno tamaño. (4,5 x 9,8 x 0,5 x ø 40 cm). Escavación 2004: Sector Superior 1. Nivel superficial. Depósito: Museo das Peregrinacións e de Santiago (D-800). *Fig.: 5, nº 8.*




Fig. 5: Cerámica vermella de Aveiro. Forma 5: lebrillos.

- **CD08/054:** fragmento de bordo e arranque de corpo. Bordo con labio repregado ou pendente. Ambas superficies presentan engobado vermello. A superficie interior presenta bruñido formando liñas horizontais nunha tonalidade vermella mais escura. Pasta alaranxada, de cocción oxidante, con desgrasantes de mica e seixo de pequeno tamaño. (3,6 x 12,2 x 0,6 x ø 45 cm). Escavación 2008: Estancia A, UE: 105. Depósito: Museo das Peregrinacións e de Santiago (D-1100). Fig.: 6, nº 9.
- **CD08/057:** fragmento de base e arranque de corpo. Base de fondo plano. Ambas superficies presentan engobado vermello. A superficie interior presenta forte bruñido formando liñas horizontais no corpo e concéntricas na base, nunha tonalidade vermella mais escura. Esta superficie presenta tamén incisión lineal no corpo, próxima ao fondo. A cara exterior da base é rugosa, con pequenos desgrasantes en superficie. Pasta alaranxada, de cocción oxidante, con desgrasantes de mica e seixo de pequeno tamaño. (7,8 x 15,5 x 0,5 x ø 20 cm). Escavación 2008: Estancia A, UE: 105. Depósito: Museo das Peregrinacións e de Santiago (D-1100). Fig.: 6, nº 10.




Fig. 6: Cerámica vermella de Aveiro. Forma 5: lebrillos.

II. Formas pechadas:

Forma 7. Ola: recipiente con corpo globular, colo rectilíneo, lixeiramente aberto e pé ben marcado. O bordo é recto e exvasado continuando ca inclinación oblícuo que nace dende o colo. A asa parte do bordo e remata na metade do corpo. Diferéncianse a variante A e B segundo as súas dimensións, sendo A menor que B (Alvar et al., 1998: 190). O corpo aparece frecuentemente decorado con liñas bruñidas formando retícula (Barreira, P., Dordio, P., Teixeira, R., 1998:171). Para esta tipoloxía contamos con fragmentos de bordo e de probable base, que se englobaría nesta forma polas súas características físicas e formais.

- **CD.04.4697 - 4699:** fragmentos de bordo e arranque de corpo. O bordo é recto, continúa a forma oblícuo que nace dende o colo, con beizo redondeado. Colo pechado. O arranque de corpo marca unha forma globular. A superficie exterior do bordo presenta dúas incisións lineais, paralelas e lonxitudinais. Ambas superficies presentan engobado vermello e están alisadas. A superficie exterior presenta decoración formada por liñas verticais bruñidas. Paredes de fino grosor. A pasta é alaranxada, de cocción oxidante, compacta e homoxénea. (3,3 x 6,4 x 0,4 x ø 6,5 cm). Escavación 2004: Sector Superior I. Nivel C / Norte. Depósito: Museo das Peregrinacións e de Santiago (D-800). Fig.: 7, nº 11.




Fig. 7: Cerámica vermella de Aveiro. Forma 7 A: ola.

-- **CD.04.6087:** fragmento de base e arranque de corpo de probable forma 7. Base marcada, con fondo de “galleta”. O arranque do corpo marca unha forma globular. Ambas superficies presentan engobe alaranxado. A superficie exterior presenta decoración de liñas bruñidas verticais. A superficie interior presenta marcas de torno. Pasta alaranxada, de cocción oxidante, con desgrasantes de mica e seixo de tamaño medio. (3,6 x 6,1 x 0,4 x $\varnothing$ 5 cm). Escavación 2004: Sector Inferior 2. Nivel A inferior. Depósito: Museo das Peregrinacións e de Santiago (D-800). *Fig.: 8, n° 12.*




Fig. 8: Cerámica vermella de Aveiro. Probable base de forma 7: ola.

Forma 12. Xerra, cántaros e cantariños: recipientes de función colectora que presentan gran variación de tamaños, feito que se corrobora nos exemplares composteláns. Caracterízase por presentar bordo triangular, xeralmente con moldura mediana no colo, baixo a que nace a asa: larga, vertical, con acanaladura central e impresións dixitais no punto de unión e aplicación ó corpo. Os cántaros e xerras diferéncianse en tres tipos fundamentais: 1.- forma troncocónica; 2.- perfil cóncavo; 3.- perfil convexo (Barreira, P., Dordio, P., Teixeira, R., 1998: 170). A superficie aparece frecuentemente decorada con liñas bruñidas verticais, onduladas ou formando retícula. A forma 12 variante A, xunto cas cuncas é a tipoloxía que máis se repite no xacemento compostelán. Para esta tipoloxía contamos con fragmentos de bordo e de probable base, que se englobarían nesta forma polas súas características físicas e formais.

- **CD.04.2734:** fragmento de bordo, colo e arranque de corpo de xerra. Forma 12 A. Bordo de forma triangular, exvasado cara o exterior, con beizo redondeado. Ambas superficies son vermellas e cubertas por unha fina capa de engobe. A superficie exterior presenta baquetón na parte inferior do colo, que marca o inicio do corpo, este presenta decoración formada por bandas verticais de bruñido. A superficie interior ten marcas de torno e alisado. Pasta de cor alaranxada, de cocción oxidante, con desgrasantes de mica e seixo de tamaño medio. (5,3 x 8 x 0,4 x $\varnothing$ 8). Escavación 2004: Sector Superior 2. Nivel A. Depósito: Museo das Peregrinacións e de Santiago (D-800). *Fig.: 9, n° 13.*
- **CD.04.1117:** fragmento de bordo, colo e arranque de corpo, de xerra. Forma 12 A. Bordo de forma triangular, exvasado cara o exterior, con beizo redondeado. Ambas superficies presentan engobado vermello. Na superficie exterior, na metade do colo, presenta pequena moldura, baixo a cal dáse comezo ós motivos decorativos formados por bandas bruñidas verticais. A superficie interior presenta marcas de torno. Pasta oxidante con desgrasantes de mica e seixo de pequeno tamaño. (5,7 x 9,8 x 0,7 x $\varnothing$ 11 cm). Escavación 2004: Sector Superior 2. Nivel A. Depósito: Museo das Peregrinacións e de Santiago (D-800). *Fig.: 9, n° 14.*
- **CD.04.2715:** fragmento de bordo, colo e arranque de corpo, de xerra. Forma 12 A. Bordo de forma triangular, lixeiramente exvasado cara o exterior con beizo redondeado. Ambas superficies presentan engobado. A superficie exterior, presenta baquetón ó final do colo marcando o inicio do corpo, este presenta decoración formada por bandas verticais e paralelas de bruñido. A superficie interior presenta marcas de torno.

Pasta alaranxada, de cocción oxidante, con desgrasantes de mica e seixo. (7 x 10,3 x 0,5 x ø 12 cm). Escavación 2004: Sector Superior 2. Nivel A. Depósito: Museo das Peregrinacións e de Santiago (D-800). *Fig.: 9, nº 15.*

- **CD.04.1380:** fragmento de bordo, colo e arranque de corpo, de xerra. Forma 12 A. O bordo de forma triangular, exvasado, de beizo redondeado. Ambas superficies presentan engobe vermello. A superficie exterior presenta unha acanaladura 1 cm. baixo o bordo, marcando o inicio da superficie decorada mediante bandas bruñidas, verticais e paralelas. A superficie interna presenta marcas de torno. Pasta de cocción oxidante con desgrasantes de mica e seixo de pequeno tamaño. (4,8 x 6,5 x 0,7 x ø 20 cm). Escavación 2004: Sector Central 1. Nivel A inferior. Depósito: Museo das Peregrinacións e de Santiago (D-800). *Fig.: 9, nº 16.*
- **CD.04.2729:** fragmento de bordo e corpo de xerra. Forma 12 A. Bordo de forma triangular, lixeiramente exvasado de forma oblicua, con beizo redondeado. Ambas superficies presentan engobe alaranxado. A superficie exterior ten baquetón no colo que marca o arranque da decoración, formada por bandas verticais de bruñido. A superficie interior ten marcas de torno. Pasta de cor alaranxada, de cocción oxidante, con desgrasantes de tamaño medio de mica e seixo. (9,5 x 8,2 x 0,5 x ø 12 cm). Escavación 2004: Sector Superior 2. Nivel A. Depósito: Museo das Peregrinacións e de Santiago (D-800). *Fig.: 10, nº 17.*
- **CD.04.4078:** fragmento de de bordo, colo e arranque de asa de xerra. Forma 12 A. O bordo, de forma triangular, está lixeiramente exvasado ao exterior, con beizo redondeado. A asa arranca no colo, a 1,2 cm. baixo o bordo. Asa de sección oval, con acanaladura central con dúas nervaduras paralelas. Ambas superficies presentan engobe vermello. A superficie interior ten marcas de torno. A pasta é de cor laranxa, de cocción oxidante con desgrasantes de mica e seixo de tamaño medio. (Xerra: 5,2 x 7,6 x 0,6 x ø 9 cm; Asa: 1,5 x 3,5 x 1,5 cm). Escavación 2004: Sector Superior 1. Nivel A. Depósito: Museo das Peregrinacións e de Santiago (D-800). *Fig.: 10, nº 18.*




Fig. 9: Cerámica vermella de Aveiro. Forma 12 A: xerras.




Fig. 10: Cerámica vermella de Aveiro. Forma 12 A: xerras.

- **CD08/056:** fragmento de base e arranque de corpo de probable xerra forma 12. Base de fondo plano. Ambas superficies presentan engobado vermello. A superficie exterior presenta decoración formada por liñas verticais de bruñido ou espatulado. A superficie interior presenta marcas de torno e alisado. A cara exterior da base é rugosa, con pequenos desgrasantes en superficie. Pasta alaranxada, de cocción oxidante, con desgrasantes de mica e seixo de pequeno tamaño. (6,5 x 8,5 x 0,7 x ø 7 cm). Escavación 2008: Estancia A, UE: 105. Depósito: Museo das Peregrinacións e de Santiago (D-1100). Fig. 11, nº 19.
- **CD08/063:** fragmento de base e arranque de corpo de probable xerra forma 12. Base de fondo plano. Ambas superficies presentan engobado alaranxado, máis intenso na superficie exterior. Esta presenta decoración formada por liñas verticais de bruñido ou espatulado. A superficie interior presenta marcas de torno e alisado. A cara exterior da base é rugosa, con pequenos desgrasantes en superficie. Pasta alaranxada, de cocción oxidante, con desgrasantes de mica e seixo de pequeno tamaño. (4,5 x 4,6 x 1 x ø 7 cm). Escavación 2008: Estancia A, UE: 105. Depósito: Museo das Peregrinacións e de Santiago (D-1100). Fig. 11, nº 20.




Fig. 11: Cerámica vermella de Aveiro. Probables base da forma 12: xerras.

Forma 15. Cántaro: recipiente colector de grandes dimensións. Presenta corpo globular ou piriforme, colo curvilíneo rematado por un bordo alto con sucesivas molduras, que enmarca decoración impresa. Presenta dúas asas simétricas que nacen na parte superior do corpo (Alvar et al. 1998: 190). Entre os fragmentos da Casa do Deán, atópase un anaco de bordo que se podería encadrar nesta tipoloxía, encontrando paralelos nas escavacións da Casa do Infante (Porto), (Barreira, P., Dordio, P., Teixeira, R., 1998: 175; fig. 51).

- **CD.04.7386:** fragmento de bordo e colo. Polas súas características técnicas poderíase tratar dunha variante da forma 15. Bordo recto, con beizo apuntado. A continuación do beizo, aparece forte baquetón, que indica o inicio da superficie decorada, baixo o baquetón presenta cordón ondulado aplicado. Baixo este, decoración con motivos circulares impresos e paralelos. A continuación, de novo leve baquetón que marca o inicio do corpo. Ambas superficies son vermellas, cunha fina capa de engobado e están alisadas. A superficie interior presenta marcas de alisado e torno. Pasta alaranxada, de cocción oxidante, con pequenos desgrasantes de mica e seixo. Escavación 2004: Área 2. Nivel F. Depósito: Museo das Peregrinacións e de Santiago (D-800). Fig. 12, nº 21.




Fig. 12: Cerámica vermella de Aveiro. Probable forma 15: cántaro.

III. Fragmentos decorados sen adscripción tipolóxica:

Decoración impresa: atopamos unha serie de fragmentos que polas súas características técnicas pódese corroborar a súa inclusión dentro da produción de cerámica vermella de Aveiro. Sen embargo, ó tratarse de fragmentos que non achegan forma non se poden incluír dentro dunha tipoloxía concreta, especulando a súa atribución dentro da forma xerra, podendo tratarse dunha forma 12 A ou 15. Ambos fragmentos presentan moldura central, con pequenas acanaladuras superiores e inferiores a esta. A peza CD.04.2701 presenta decoración con círculos impresos, tanto por encima como por debaixo da moldura. Na peza CD.04.4125, debido ó seu estado de fragmentación, soamente se pode testemuñar este motivo nunha das partes.




Fig. 13: Fragmentos decorados de cerámica vermella de Aveiro. (CD.04.2701, CD.04.4125. Escavación 2004: Sector Superior 2. Nivel A. Depósito: Museo das Peregrinacións e de Santiago (D-800).


ANÁLISE

Trala análise do repertorio cerámico que responde a tipoloxía “vermella de Aveiro”, pódese concluír que tanto as formas abertas (cuncas, testos e lebrillos) como as pechadas (olas, xerras e cántaros), manteñen un certo equilibrio, sendo as formas de uso cotiá: forma 1 (cuncas), forma 5 (lebrillos) e forma 12 (xerras) as que ofrecen un maior número de exemplares. As cuncas e as xerras son as formas mellor representadas, ó igual que sucede noutros contextos contemporáneos, como o xa mencionado caso de estudo da Casa do Infante en Porto (Barreira, P., Dordio, P., Teixeira, R., 1998).

REPERTORIO FORMAL




REPERTORIO FORMAL: TIPOLOXÍAS



No que se refire á análise dos motivos decorativos, pódese afirmar con rotundidade o claro predominio da decoración bruñida e / ou espatulado en bandas, aparecendo de forma residual o restos de recursos ornamentais. Débese destacar que este modelo adoita aparecer nas formas pechadas (olas e xerras) a continuación dunha moldura ou acanaladura que marca separación entre o colo, ou bordo, do arranque do corpo. Moí característico das xerras e dos cántaros son os motivos impresos formando pequenos círculos paralelos e lonxitudinais, estes motivos soen estar enmarcados por fortes molduras e adoitan aparecer no colo do recipiente. Menos frecuentes son as decoracións plásticas e aplicadas que soen aparecer asociadas ós motivos impresos anteriormente descritos. As formas abertas adoitan ser lisas, mostrando en ocasións unha fina capa cinzenta no bordo.

DECORACIÓN



5.2 A CERÁMICA VERMELLA DE AVEIRO NO SEU CONTEXTO ESTRATIGRÁFICO

A Casa do Deán é un xacemento único á hora de estudar o repertorio cerámico baixo medieval e moderno na cidade de Compostela, caracterizándose tanto pola variedade como pola calidade e cantidade que ofrecen os seus materiais. Os seus achados foron obxecto de estudo en diversas ocasións, sendo de especial relevancia para o presente artigo o estudo histórico das cerámicas atopadas nas escavacións realizadas na Casa do Deán e no Claustro da Catedral de Suárez Otero e Castro Lorenzo (2005), a síntese sobre as cerámicas de luxo na Galicia medieval realizado por Caramés Moreira, Castro Lorenzo e Suárez Otero (2006) e a análise pormenorizada que realiza Castro Lorenzo (2009) no que se refire o consumo de vaixela de luxo no xacemento compostelán.

Para realizar a análise contextual das pezas de Aveiro, contamos co inventario da intervención do 2004 e a memoria de escavación do 2012. A tipoloxía obxecto de estudo estaría representada no denominado Horizonte 1 (séculos XVI / XVII – mediados do XVIII) asociada a diversos espazos⁷ nas intervencións do 2004 e a Estancia A - UE 105 do 2008.

A nivel estratigráfico a cerámica vermella de Aveiro aparece acompañada dunha serie de producións oleiras contemporáneas ao seu período de fabricación, complementando o enxoval dun espazo doméstico con certo nivel adquisitivo:

1.- A vaixela de luxo e mesa (4%): tendo en conta o recinto no que nos atopamos non é de estrañar a presenza dun conxunto de pezas relevantes e de certa categoría. Destaca a alta representación de louzas de Talavera que aparecen na mesma estratigrafía que os fragmentos de Aveiro, feito que non é de estrañar, xa que esta convértese na vaixela de referencia nas mesas e salóns de certo prestixio da época (Castro Lorenzo, 2009: 151). Dentro destes son os pratos de “*orla castellana*” a tipoloxía mellor representada en ambas as dúas intervencións arqueolóxicas, seguida por algúns exemplares da serie das “*estrellas de plumas*”, ambas en pleno apoxeo entre o último terzo do século XVI e comezos do XVII (Castro Lorenzo, 2009: 126). A serie dos “*helechos*” (finais do XVII e XVIII) e de imitación de Delf está tamén documentada nestes niveis, pero en menor cantidade que os exemplares anteriormente descritos.

⁷ Sectores estratigráficos onde aparece cerámica de Aveiro nas escavacións do 2004: Área 2. Nivel F; Área 2. Sector Inferior 2. Nivel F; Sector Central 1. Nivel A inferior; Sector Central 1. Nivel A superior; Sector Central 1. Nivel C; Sector Central 3. Nivel A; Sector Central 3. Nivel E; Sector Inferior 2. Nivel A inferior; Sector Central 1. Nivel A superior; Sector Superior 2. Nivel A; Sector Superior 1. Nivel A; Sector Superior 1. Nivel C Norte; Sector Superior 1. Nivel superficial.

Esta louza de luxo está directamente asociada a un conxunto de relevante prestixio para a época, a porcelana chinesa de época Ming (finais do XVI principios do XVII), que se documenta en sendas intervencións (Castro Lorenzo, 2009: 140; Pérez Mato, 2012: 115).

Debido á finalidade deste estudo, ten especial relevancia a presenza de louza portuguesa. Entre os fragmentos de louza branca con decoración en azul, característico das fainças portuguesas, destacan algúns exemplares xa estudados en anteriores publicacións de Suárez Otero e Lorenzo Castro (2005), como é o prato de imitación da serie “*golondrinas*” (fig. 14). Para os seus investigadores, a gran maioría das louzas do Deán de procedencia portuguesa son producións tardías (XVII-XVIII) o que resulta de gran interese no que se refire ó comercio das manufacturas portuguesas. Quizais os exemplares de Aveiro poderían chegar como mercancía secundaria acompañando a estas producións no mercado.



Fig. 14: Prato de probable produción portuguesa, serie das “golondrinas” (D-800/2543. Escavación 2004: Sector Superior 1. Nivel A; PesqueraVaquero, Pérez Outeiriño, Castro Lorenzo, Museo das Peregrinacións e de Santiago, CER.es (<http://ceres.mcu.es>), Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, España.

2.- Vaixela de vidrado estannífero (11%): trátase dun tipo de louza branca lisa, con orixe no sueste peninsular en torno os alfares sevillanos. Conta cun primeiro estudo tipolóxico realizado dende os centros americanos, moi frecuente nos asentamentos coloniais entre os séculos XVI e principios do XVII, respondendo a denominación Columbia Plain (Goggin, 1968: 118). Esta denominación cubre un amplo campo de louza vidrada, que se caracteriza por posuír unha pasta cor crema, ocasionalmente rosa, ben decantada e as superficies cubertas por vidrado branco (estannífero), que presenta diferentes calidades de cuberta (Goggin, 1968: 287). Nos exemplares máis temperáns presentan marcas de atifle en ambas as dúas superficies. É unha cerámica que se irá popularizando a partir do século XVI pasando a converterse nun esencial dentro dos enxovais domésticos. No noroeste peninsular contamos cas datacións que ofrece Caramés Moreira (2006: 214), entre finais do XV e o XVI para os restos de Baiona, no noreste no XVI (Ceniceros Herreros, 2012) e as datacións portuguesas no Castelo da Foz (Osorio, Silva, 1998: 287) de mediados do XVI a mediados do XVII. Os fragmentos recuperados na Casa do Deán responden a estas características, predominando os fragmentos de pratos e escudelas, documentándose fragmentos con reflexos verdosos (fig. 15).




Fig. 15: Fragmentos de cerámica vidrada estannífera. Fragmentos de probables escudelas con marcas de atifle (CD.04.3845, CD.04.3842, CD.04.3858, CD.04.3846. Escavación 2004: Sector Superior 1. Nivel A. Depósito: Museo das Peregrinacións e de Santiago (D-800)).

3.- Cerámica común vidrada (8%): a cerámica vidrada, documentada nos niveis modernos que acompañan as producións de Aveiro, caracterízase por ofrecer unha ampla variedade de cubertas. Estas producións son consideradas




Fig. 16: Cerámica común vidrada en verde (CD.04.6047-6048, CD.04.6940, CD.04.6224. Escavación 2004: Sector Inferior 2. Nivel B. Depósito: Museo das Peregrinacións e de Santiago (D-800)).



Fig. 17: Cerámica común vidrada en amarelo. Superficie interior e exterior (CD.04.472, CD.04.5103, CD.04.2543, CD.04.5097, CD.04.6511, CD.04.2544, CD.04.5101, CD.04.5102, CD.04.5099. Escavación 2004: Sector Central 2. Sondeo 3. Nivel A – B; Sector Superior 2. Nivel A. Depósito: Museo das Peregrinacións e de Santiago (D-800)).

xeralmente como importacións, xa que partimos do feito que o vidrado cerámico en Galicia non se remonta a momentos anteriores ó século XVIII (Caramés Moreira, 2006: 203). A estratigrafía do Deán ofrece variedade de formas e coloracións de vidrado nos mesmos niveis nos que se documenta a cerámica de Aveiro. Entre estas destacan o vidrado melado, con orixe no sur peninsular popularizándose deseguida a súa produción, cunha cronoloxía entre o XV – XVI (Caramés Moreira, 2006: 214) chegando ata mediados do XVII (Osorio, Silva, 1998: 287). Atópanse tamén vidrados de chumbo amarelos e verdes, con cobertura vítrea parcial, exemplares que contan na estratigrafía lusa cun amplo abanico cronolóxico abarcando dende finais do XIV ata o XVII (Osorio, Silva, 1998: 287).

4.- Cerámica común rexional (66%): o predominio esencial é da cerámica común de procedencia local, que cubrirían as necesidades domésticas esenciais. É unha produción rexional, que conserva as características e os trazos formais da tradicional cerámica común gris medieval (Pérez Mato, 2012: 92). Distínguense dous tipos atendendo á súa cocción (oxidante ou redutora) con claro predominio das pastas grises. Presentan pastas groseiras, con presenza de desgrasantes de mica e seixo. Son recipientes elaborados para o seu uso en cociña (o que explica a alta porcentaxe de pezas con presenza de feluxe na superficie) e como colectores de líquidos. Isto explica que o seu repertorio formal se restrinja a olas (de bordo horizontal cóncavo, de pestana, de bordo sinxelo e bordo realzado) e xerras (xerras trilobuladas e xerras de bordo de pestana). Son moi representativas as formas globulares. No referente á decoración os motivos mais recorridos son as impresións dixitais, as incisións e os cordóns aplicados, ocupando normalmente a zona do ombreiro (Pérez Mato, 2012: 92; César Vila, Bonilla, 2003: 302). Conforme se vai estandarizando o uso do torno alto nos séculos XVII e XVIII, as pastas vanse facendo mais delgadas, presentando pastas mais depuradas.

Débese facer especial mención a unha serie de fragmentos de cerámica común gris, que acompaña as producións de Aveiro, xa que presentan unha serie de características que as distinguen do resto de producións. Son recipientes cunha característica forma pechada, piriforme ou ovoides, cunha coidada elaboración tanto na pasta como no tratamento superficial. Presentan decoración bruñida na superficie exterior e un característico engobado gris metálico na superficie interior, onde tamén se observan fortes marcas de torno. Estes factores diferenciadores fan pensar na súa posible procedencia foránea (fig. 18).




Fig. 18: Cerámica común gris. Con decoración con bandas bruñidas na superficie exterior e brillo metalizado na interior (CD.04.2599, CD.04.2598, CD.04.3030, CD.04.2860, CD.04.2861, CD.04.2849, CD.04.2843, CD.04.2869, CD.04.3015, CD.04.3013, CD.04.2863. Escavación 2004: Sector Superior 2. Nivel A. Depósito: Museo das Peregrinacións e de Santiago (D-800)).

5.- Anforetas (4%): recipiente colector relacionado ca colonización de América. Denominadas "Anforetas de Indias" (César Vila; Bonilla Rodríguez, 2003: 327) ou *Olive Jar* (Goggin 1960: 8 - 11) cunha cronoloxía xeralmente moderna, con inicios no XV/XVI e cun final incerto. Descríbense de forma xenérica como grandes cántaros, engobados en branco, cun característico bordo en anel pechado e rematadas en pivote, base plana ou ovalada, dependendo da súa función. Os exemplares mais temperáns (1500 - 1570) presentan vidrado na superficie interior, con rebabas na exterior (Goggin 1960: 8-11).







Fig. 19: exemplares de anforeta da Casa do Deán covidrado interior verdoso (CD.04.4131, CD.04.4085, CD.04.4096. Escavación 2004: Sector Superior 1. Nivel A. Depósito: Museo das Peregrinacións e de Santiago (D-800)).

Os fragmentos documentados na Casa do Deán son moi uniformes, caracterizados por un singular engobado branco e fortes marcas de torno na superficie interior. De forma residual rexístranse fragmentos con lixeiro vidro semitransparente en verde na superficie interior (fig. 19), documentándose paralelos en zonas de levante (Menéndez Fueyo, 2005). As pastas oscilan entre o branquecino e o rosáceo. Na intervención do 2008, a gran maioría das pezas recóllense na estancia A / Almacén (Pérez Mato, 2008:).

A través dunha análise aproximativa do repertorio cerámico da Casa do Deán, podemos concluír que o consumo de cerámica vermella de Aveiro é relativamente reducido ó comparalo co consumo doutras producións oleiras, representando o 7 % do repertorio cerámico no seu contexto estratigráfico. As necesidades de cerámica de uso común estarían cubertas basicamente pola cerámica común de produción local. Encontrámonos nunha etapa de transición no que a cerámica vidrada está empezando a popularizarse, e como é sabido polo que suceden noutros contextos arqueolóxicos contemporáneos, acabará facéndose predominante no espazo doméstico como utensilio de uso común. Á vista dos datos ofrecidos no contexto estratigráfico, poderíase concluír que a cerámica de Aveiro ten un uso testemuñal. A súa presenza nos contextos composteláns pódese deber a que acompañe a outros produtos procedentes do comercio portugués ou que sexa unha manufactura que circule nas redes redistributivas interiores en Galicia.



ANÁLISE PORCENTUAL DO REPERTORIO CERÁMICO QUE ACOMPAÑA A CERÁMICA DE AVEIRO NO SEU CONTEXTO ESTRATIGRÁFICO



6. CONCLUSIÓNS

A raíz do estudo morfotipolóxico do repertorio cerámico que responde as características da denominada cerámica vermella de Aveiro, podemos concluír:

- A cerámica vermella de Aveiro aparecida nos contextos arqueolóxicos da Casa do Deán, é unha evidencia máis dos contactos comerciais cos centros oleiros de Portugal. É a proba arqueolóxica da exportación que fan referencia as fontes documentais dos oleiros lusos.
- Tendo en conta o repertorio cerámico que acompaña a estas pezas na estratigrafía, podemos concluír que realmente ten unha presenza reducida (7%). Son recipientes de uso cotiá e funcional dentro do espazo doméstico.
- Ó contrario que sucede ca cerámica común rexional, non adoita presentar feluxe na súa superficie, polo que a súa funcionalidade non estaría ligada a recipientes de cociña, máis ben como recipiente de uso de mesa cotiá (para as funcións de comer e beber) e como colectores de líquidos.
- Dentro do repertorio de cerámica común rexional, acompaña ás formas pechadas: olas, xerras, cántaros e cantariños; compartindo funcionalidade. A diferenza formal con respecto á olaría rexional, encontrámola nas formas abertas: cuncas, lebrillos e testos. Estas formas non se documentan no repertorio formal de tradición medieval, polo que neste caso si estarían satisfacendo unha necesidade que non está cuberta por esta tipoloxía. Sen embargo, débese ser cauto neste aspecto xa que, como ben mencionan as fontes bibliográficas, nos fogares galegos os recipientes de madeira sempre acompañaron o enxoval doméstico ata épocas moi recentes (García Alén, 1983: 20). A problemática destes materiais é a súa mala conservación nos niveis arqueolóxicos debido a súa natureza orgánica. Aínda así, saíron á luz diversos recipientes de madeira en escavacións urbanas na cidade de Santiago⁸ en niveis plenamente medievais. As súas formas, aínda que moi deterioradas, remiten a recipientes abertos de servizo e consumo de mesa. Debido a estes datos podemos concluír que o servizo de mesa cotiá (fóra dos ambientes de luxo e prestixio) estaría cuberto polos recipientes abertos, como os de Aveiro, e os utensilios de madeira, que progresivamente irán deixando espazo a louza estannífera

⁸ Debido á humidade e ás correntes de auga subterráneas, que afectaban á estratigrafía das escavacións de Banco de España (Praza de Praterías) e Raíña 11, posibilitaron a conservación de certa cantidade de material orgánico: madeiras, coiros e sementes. Intervencións dirixidas por Gil Agra (2012). Díaz, M. (2012). Materiais en depósito no Museo das Peregrinacións e de Santiago.

e outros barros e materiais. Recordamos que o declive da produción de Aveiro prodúcese a mediados do XVIII, quedando restrinxido o seu uso na zona de produción. Precisamente nesta cronoloxía comeza o auxo das producións oleiras dentro da fronteira galega, como a de Buño, que contribuír á abastecemento de barros á cidade compostelá.

BIBLIOGRAFÍA

- Alves, J.S., Rodrigues J.P., García, C., Aleluia, M.: "A cerâmica dos destroços do navio dos meados do século XV Ria de Aveiro A e da zona Ria de Aveiro B. Aproximação tipológica preliminar". *Actas das 2º Jornadas de Cerâmica Medieval e Pós-Medieval: métodos e resultados para o seu estudo, Tondela, 22 a 25 de Março de 1995*, coordenação de Joao Manuel Diogo e Helder Chilra Abraços. Tondela, 1998, pp. 185-210.
- Amorim, I.: "A olaria de Aveiro, no séc. XVIII: continuidade e desenvolvimento" *Olaria: Estudos Arqueológicos, Históricos e Etnológicos*, Nº. 2, 1997-1998, pp. 70-80.
- Amorim, I.: "A cerâmica de Aveiro no século XVIII: das olarias à fábrica de Louça Fina". *Revista da Faculdade de Letras. Historia*, Nº. 13, 1996, pp. 403-422.
- Barreira, P., Dordio, P., Teixeira, R.: "200 anos de cerâmica na Casa do Infante: do séc. XVI a meados do séc. XVIII". Aproximação tipológica preliminar". *Actas das 2º Jornadas de Cerâmica Medieval e Pós-Medieval: métodos e resultados para o seu estudo, Tondela, 22 a 25 de Março de 1995*, coordenação de Joao Manuel Diogo e Helder Chilra Abraços. Tondela, 1998, pp.145-184.
- Caramés Moreira, V. (2006): "Lozas sevillanas en Baiona en los siglos XV y XVI", *Glaucopis Boletín do Instituto de Estudos Vigueses*, nº 12, pp. 203-227.
- Castro Lorenzo, M.L. (2009): "La vajilla de lujo en Santiago de Compostela en los siglos XVI y XVII: aportaciones de la arqueología", *Revista de estudos de Pontevedra*, nº 22, pp. 123-158.
- Ceniceros Herreros, J. (2012): "Cerámica con vidriado estannífero del Alcázar de Nájera (La Rioja)", *La cerámica en el mundo del vino y del aceite: actas*, (coord. Teresa Alvarez González), pp.168-183.
- César Vila, M., Bonilla Rodríguez, A.(2003): "Estudio de los materiales cerámicos del "Castelo da Lúa" (Rianxo, A Coruña), *Gallaecia*, Nº22, pp.297 - 367.
- César Vila, M., Bonilla Rodríguez, A., López Pérez, M.A. (2009): "Aportaciones al conocimiento de la cerámica producida en la última fase de la Edad Media en Galicia". *Actas de la Jornada Internacional Metodología de Análisis aplicada a los estudios de cerámica tardoantigua y medieval de la Península Ibérica*. León. 8 de mayo de 2009.
- De Blas Cortina, M.A. (1995): "Un probable origen romano de ciertas formas en las vajillas de madera de la tornería tradicional: vasos de madera y vasos cerámicos", *Boletín del Seminario de Estudios de Arte y Arqueología: BSAA*, Tomo 61, pp.174-183.
- García Alén, L. (1997-1998): "Notas para o estudio das relacións galego-portuguesas na produción da olaría e cerámica". *Olaria: Estudos Arqueológicos, Históricos e Etnológicos*, nº. 2, pp. 87-92.

- García Alén, L. (1983): *La alfarería de Galicia*, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Gil Agra, M.D. (2013): "Inventario e relacións de materiais arqueolóxicos procedentes das intervencións realizadas no solar do antigo Banco de España (Praza de Praterías, Santiago de Compostela)". Depositado no Museo das Peregrinacións e de Santiago.
- Goggin, J. (1960): *The spanish olive jar. An introductory study*, Yale University publications in Anthropology, 62, New Heaven: Yale University Press.
- Goggin, J. (1968): *Spanish Majolica in the New World*, Yale University publications in Anthropology, 72, New Heaven: Yale University Press.
- Fariña Busto, F. (2008): *Xerra de cerámica pintada medieval*, Documento PDF. Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense. Xunta de Galicia. http://www.musarqourense.xunta.es/es/pepa_mes/xerra-de-ceramica-pintada-medieval/ [Consultado o 09/09/2014]
- Fariña Busto, F., Romero M., Vázquez Varela, J.M. (1973): "Nuevos hallazgos de "anforiñas"", *El Museo de Pontevedra*, nº 27, pp. 72 – 90.
- Ferreira Priegue, E. (1988): *Galicia en el comercio marítimo medieval*, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Colección de Documentos Históricos.
- Ferreira Priegue, E. (2001): "Castilla: la génesis de una potencia marítima en Occidente", *Itinerarios Medievales e Identidad Hispánica. XXVII Semana de Estudios Medievales, Estella, 17 a 21 de Julio de 2000*, Pamplona Gobierno de Navarra.
- Ferreira Priegue, E. (2006): "O cambio de rumbo do comercio marítimo na Baixa Idade Media", *Os Capítulos da Irmandade: peregrinación e conflito social na Galicia do século XV*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Innovación e Industria, pp. 170-179.
- López Carreira, A. (1999): *A cidade medieval galega*, Vigo: Promocións Editoriais Galegas, A Nosa Terra.
- Martínez Casal, J.R. (2006): "A cerámica medieval da fortaleza da Rocha Forte. Contribución ao seu estudo", *Gallaecia*, nº 25, pp. 187-225.
- Menéndez Fuego, J.L. (2005): "Apuntes para el estudio de contenedores cerámicos medievales: las tinajas de las bóvedas de la iglesia de Santa María de Alicante", *Santa María descubierta: arqueología, arquitectura y cerámica : excavaciones en la Iglesia de Santa María de Alicante (1997-1998)*, coord. Marius Bevià, Rafael Azuar Ruíz, pp. 72-119.
- Pérez Mato, M. (2012): "Memoria do Proxecto de control arqueolóxico de remoción de terras na Casa do Deán. Rúa do Vilar nº 1 e nº 3. Santiago de Compostela".
- Pérez Mato, M. (2013): "Memoria final: escavación arqueolóxica e control e seguemento das obras na rúa Rúa da Raiña nº 11. Santiago de Compostela".
- Pesquera Vaquero, M.I., Pérez Outeiriño, B., Castro Lorenzo, M.L.: D-800/2543, Museo das Peregrinacións e de Santiago, CER.es (<http://ceres.mcu.es>), Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, España. [Consultado en 09/09/2014].
- Osorio, M.I. Pinto, Silva, A.M.P. (1998): "Cerâmicas vidradas da época moderna no Porto", *Actas das 2ª Jornadas de Cerâmica Medieval e Pós-Medieval : métodos e resultados para o seu estudo, Tondela, 22 a 25 de Março de 1995*, coordenação de Joao Manuel Diogo e

- Saavedra Fernández, P. (2003): "O dinamismo socio-económico do principal núcleo urbano de Galicia", *Historia da cidade de Santiago de Compostela*, Santiago de Compostela: Concello de Santiago de Compostela, Consorcio de Santiago e Universidade de Santiago de Compostela, pp. 219-304.
- Sánchez Pardo, J. C. (2013), "Power and rural landscapes in early medieval Galicia (400-900 AD): towards a re-incorporation of the archeology into the historical narrative", *Early Medieval Europe*, Nº 21, 2013, pp. 140-168.
- Suárez Otero, J. (2006): "Apuntes sobre la vida cotidiana en la Galicia del siglo XV", *Catálogo da exposición Capítulos de la Hermandad. Peregrinación y conflicto social en la Galicia del siglo XV*, celebrada en la ciudad de Lugo, del 4 de agosto al 28 de octubre de 2006, pp. 88-99.
- Suárez Otero, J. (2004): "Inventario de materiais das escavacións da Casa do Deán", *Escavación Casa do Deán 2004*. Depositado no Museo das Peregrinacións e de Santiago.
- Suárez Otero, J. (1993): "Cerámicas pintadas na Galicia medieval: os vasos con pintura branca", *Boletín Auriense*, T. 23, 1993, pp. 71 – 88.
- Suárez Otero, J.; Castro Lorenzo, M.L. (2005): "A cultura material na Compostela dos séculos XV-XVI: vida cotiá e peregrinación a través da alfarería atopada nas escavacións realizadas na Catedral e na Casa do Deán", *Estudo histórico das cerâmicas atopadas nas escavacións realizadas no inmoible "Casa do Deán" e no Claustro da Catedral de Santiago*, Plan Xacobeo e Cabildo de Santiago, 2004.
- Suárez Otero, Gimeno García-Lomas, R., Fariña Busto, F. (1989): "La cerámica medieval en Galicia", *La cerámica medieval en el norte y noroeste de la península ibérica: aproximación a su estudio*, Universidad de León, pp. 285 - 301.

Recursos web:

2014: <http://ceres.mcu.es>2014: https://www.flmnh.ufl.edu/histarch/gallery_types/type_list.asp